
PERMAXEO

Texto de EVA BALTASAR

Tradución de GONZALO HERMO

Ilustración de portada de SONIA PULIDO

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 144 páx. 17 €
ISBN 978-84-16721-63-4. Narrativa. Faktoría K.

PREMIO LLIBRETER DE NARRATIVA 2018


PREMIO L'ILLA DELS LLIBRES 2018

Estase ben aquí. Por fin. As alturas xa teñen iso: cen metros verticais de cristal. O aire é aire nun estado superior de pureza, e por iso, ademais, parece máis duro, nalgúns momentos case compacto. Hai un certo cheiro a ferraxaría. A capa de ruído pesa coma se fose borra e mantense latente, alá abaixo, coma un ollo de petróleo finísimo e crocante, unha especie de agasallo negro, relucente. Non pasa nin un paxaro. En realidade, eles tamén teñen o seu propio estrato, entre nós e os nosos, chamémoslles, deuses. Un baleiro habitable entre as liñas máis elevadas do pentagrama. Agora mesmo, son e non son...

O dicionario defíneo como a capa do chan permanentemente conxelada nas rexións polares; mais «Permaxeo» é aquí o comezo dunha triloxía literaria protagonizada por personaxes femininos cos que Eva Baltasar explora distintas etapas na vida das mulleres. Esa figura xeolóxica é a metáfora do distanciamento e da protección coa que, a primeira desas tres voces, afasta os afectos e as decepcións, sen deixar de resultar áxil, brillante, lúcida e divertida, nin caer na frivolidade.

Trátase dunha muller con trazos suicidas, sensible e con vocación artística, honesta e comprometida coa liberdade, que afronta con naturalidade a súa condición sexual malia o peso dunha familia que non acepta o seu xeito de entender a vida, cunha nai controladora, cun pai irrelevante e cunha irmá anódina. Rexeita o compromiso nas súas relacións, a maternidade, e foxe das expectativas alleas. Mais, debaixo dese *permaxeo* e das mentiras que a axudan a sobrevivir, existen sentimentos seus que ninguén coñece: a dor, o medo, a incompreensión, a tristura, unha devastadora soidade nun mundo -falsamente idílico, cheo de convencións e superficialidade- no que ela non encaixa...

A autora presenta unha protagonista en constante conflito, no límite entre o amor e a morte, aillada de todos e de si mesma, que se ispe emocionalmente. Sen perder o ton mordaz nin a tensión narrativa, Eva Baltasar logra forxar un estilo solvente, ácedo e auténtico ao longo deste texto traxicómico, cheo de imaxes sensuais e vigorosas, que bebe do seu exercicio poético. Porque precisamente á poesía está dedicado este seu debut na novela cunha obra contundente e directa, íntima e carnal, que combina enerxía e lirismo.



-
- **Temática:** relato en primeira persoa dunha muller sensible que non encaixa no mundo que a rodea.
 - **Destinatarios:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** Premio Llibreter e Premio L'illa dels Llibres; primeiro título dunha triloxía; dor existencial vs. fortaleza externa; amor e morte; relacións humanas.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/permaxeo-g>
-

Eva Baltasar

(Barcelona, 1978)

Poeta e escritora, é licenciada en Pedagogía pola Universidade de Barcelona, onde tamén estudou Filosofía, ampliando esa formación na Freie Universität de Berlín. Editou a revista Temps d'Educació e colaborou nun grupo de investigación co apoio do Instituto da Muller. Dende 2008 é autora de varios poemarios polos que recibiu numerosos recoñecementos. «Permaxeo» é a súa primeira novela, Premio Llibreter de narrativa catalá e Premio L'illa dels Llibres, ambos en 2018.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
